

INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓNIS DE USO DA SALA DE LECTURA DA BIBLIOTECA DE GALICIA

A Biblioteca de Galicia establece as seguintes instrucións para garantir un uso responsable e solidario dos postos de lectura:

- A capacidade da sala de lectura da Biblioteca de Galicia é de **124 postos**, todos eles numerados. En 56 deses postos hai a opción de enchufar ordenadores portátiles ou tabletas.
- Non está permitida a reserva de postos de lectura.
- Como regra xeral, un usuario ou usuaria que estea a ocupar un posto de lectura non poderá ausentarse del máis dunha hora seguida. De ser o caso, o persoal técnico e de seguridade da biblioteca poderá desaloxar ese posto para que unha nova persoa o poida usar.
- É obrigatorio o uso permanente da máscara en toda a biblioteca.
- Non está permitido desprazar ou mover do seu lugar cadeiras, mesas ou outras pezas de mobiliario. Os estantes das librerías da sala de lectura non poderán utilizarse para depositar obxectos persoais.
- Non está permitido introducir comida ou bebida, agás auga embotellada.
- O desaloxo da sala de lectura comezará quince minutos antes do peche do edificio.

O horario de apertura será de luns a domingo, de 9 a 21 horas. A Biblioteca de Galicia permanecerá pechada os días 24, 25 e 31 de decembro e o 1 de xaneiro.

Tanto os usuarios e as usuarias coma o persoal da biblioteca deberán respectar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da covid-19.

Os usuarios e as usuarias deberán seguir en todo momento as instrucións do persoal da Biblioteca de Galicia. O persoal técnico e de seguridade do centro poderá solicitar o abandono inmediato das instalacións no caso de que non se respecten estas recomendacións.

A Biblioteca de Galicia informa de que neste edificio tamén teñen a súa sede o Arquivo de Galicia e distintos departamentos da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, polo que se solicita comprensión por parte de todas as persoas á hora de usaren os seus espazos.